

Miñoranos celebran o tradicional "Día del Niño" no Círculo de Bos Aires.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Domingo, 09 Agosto 2015 17:31



O Círculo Val Miñor de Bos Aires celebrou este sábado a tradicional xornada do "Día del Niño" na sede de Rafaela en Bos Aires. Xogos, espectáculos de circo e maquillaxes artísticos alegraron a tarde ao máis cativos. Un chocolate con churros pechou a xornada.

A festa contou cunha nutrida asistencia de veciños de Baiona, Nigrán e Gondomar xuntos cos seus descendentes e amigos do Río de la Plata. A xornada contou co apoio de Radio Val Miñor (Arxentina), espazo online dos miñoranos residentes na Arxentina.